
DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O REGULAMENTO ORGÁNICO DOS CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DE DANZA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 29 de abril de 2010, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

- 1.- Para o texto do artigo 4º propónse a substitución de: “a xefatura”, polo seguinte texto: “**as xefaturas**”. *Páxina 4, liña 17.*
- 2.- No punto 5 do artigo 6º propónse engadir ao final do parágrafo o seguinte texto: “**e debe ter os mesmos dereitos laborais, económicos e administrativos**”. *Páxina 5, liña 8.*
- 3.- No apartado a) do punto 1 do artigo 8º propónse engadir ao final do parágrafo o seguinte texto: “**co conseguinte recoñecemento de dereitos laborais, económicos e administrativos**”. *Páxina 6, liña 21.*
- 4.- Propónse que se suprima do punto 1 do artigo 8º o seguinte apartado: “**h) Coordinar as actividades de formación para o profesorado do conservatorio, propoñendo e impulsando a súa participación nun plan de formación**”. *Páxina 6, liñas 36-38.*
- 5.- O Consello Escolar de Galicia propón que se substitúa no texto do proxecto de decreto a expresión: “Equipo de dinamización da lingua galega”, pola seguinte: “**Equipo de normalización e dinamización da lingua galega**”. En concreto nos artigos 18º.e), 22º.c), 30º.e), 32º, 32º.1, 32º.3, 33º, 33º.a), 34º, 34º.1, 35º, 35º.a), 35º.e), 44º.3 e 45º.1).
- 6.- No punto 4 do artigo 11º propónse engadir a continuación de: “cando a dita ausencia implique profesorado substituto”, o seguinte texto: “**e terá os mesmos dereitos laborais, administrativos e económicos**”. *Páxina 8, liña 28.*
- 7.- Propónse que no artigo 22º se substitúa o apartado: “h) Titorías”; polo seguinte: “**h) Coordinación de formación permanente do profesorado**”. *Páxina 13, liña 20.*
- 8.- Nese mesmo artigo 22º, propónse a inclusión dun novo apartado co seguinte texto: “**i) Todas as coordinacións contarán coa redución horaria correspondente**”. *Páxina 13, liña 21.*
- 9.- No punto 5 do artigo 26º propónse engadir ao final do parágrafo o seguinte texto: “**tendo os mesmos dereitos laborais, económicos e administrativos**”. *Páxina 15, liña 38.*



10.- Para o artigo 26º propónse un novo punto co seguinte texto: **“6. Ás xefaturas de departamentos didácticos corresponderalles unha redución de horario lectivo de entre 3 e 6 horas en función do número de docentes que compoñan o departamento, agás no caso dos departamentos unipersoais en que a redución será dunha hora”**. *Páxina 15, liña 39.*

11.- No punto 3 do artigo 32º propónse engadir ao final do parágrafo a seguinte expresión: **“de acordo co claustro de profesores”**. *Páxina 19, liña 7.*

12.- Propónse un novo apartado no artigo 33º, co seguinte texto: **“e) Fomentar o uso da lingua galega”**. *Páxina 19, liña 21.*

13.- No apartado h) do punto 4 do artigo 46º propónse un texto de adición que diga: **“e cumprimento do Decreto 124/2007”**. *Páxina 27, liña 14.*

14.- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que axuste o disposto neste proxecto de decreto no relativo ao proxecto lingüístico do centro e aos equipos de dinamización lingüística, ao establecido no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

O Secretario,

José Alejo Losada Aldrey

V. e pr.

O Vicepresidente,

Fernando del Pozo Andrés

